



Sen título

Joan Alvado. Altea, 1979. Reside en Barcelona desde 2005. Gradúase como enxeñeiro informático na Universitat Politècnica de València. Autodidacta, até que en 2006 cursa estudos de fotografía xeral na School of Visual Culture de Helsinki (Finlandia). En Barcelona profundiza na linguaxe de fotoreportaxe con estudos en RUIDO e Institut d'Estudis Fotogràfics de Catalunya (IEFC). Desde 2008 traballa en proxectos de fotografía documental centrados en Estambul e no Kurdistan. Algúns dos seus traballos mostráronse en espazos como la Fira de Barcelona –dentro do certame Sonimag–, o fórum fotográfico de Can Basté (Barcelona) ou o Festival de fotoxornalismo Visa pour l'Image en Perpignan (Francia). Complementa a súa formación fotográfica con talleres de edición gráfica, procesado dixital e linguaxe de autor. Actualmente colabora como fotógrafo en diversos medios de comunicación e publicacións sociais en Barcelona, Madrid e Turquía.

OS ÚLTIMOS DÍAS DE SULUKULE. Biblioteca do Castrillón, A Coruña, do 9 ao 30 de novembro

Situado no centro de Estambul, no distrito de Fatih, Sulukule é un dos asentamentos xitanos máis antigos do mundo. O barrio é ademais coñecido en Turquía por ser un foco cultural de referencia para a comunidade xitana, centro de formación de músicos e cantaores. Pero en 2007, tras coñecerse a designación de Estambul como capital da cultura europea 2010, o destino de Sulukule cambia drasticamente ao verse afectado por un Plan de Renovación Urbana, que prevé a demolición íntegra do barrio. A totalidade de veciños, uns 3.500, pasan a estar afectados baixo ameaza de desaloxo. A deconstrución do barrio lévase a cabo durante os seguintes dous anos e medio, desembocando na demolición do barrio enteiro co conseguente éxodo masivo de centos de familias de etnia Rom. Séculos de cultura e tradición xitana foron erradicados de raíz.